

# ESPAZO MUNICIPAL DE AUTORREPARACIÓN E INTERCAMBIO DE OBXECTOS

**TELÉFONO DE  
INFORMACIÓN:**

**657 257 005**



**DIRECCIÓN:**

Situado na parcela  
do Punto Limpio en:



Parque Empresarial de Outeiro de Rei  
Rúa Porto Prés, núm. 4  
27150 Outeiro de Rei (Lugo)

Coordenadas: 43° 6' 44" N, 7° 35' 30" O



**HORARIO:**

Aberto os venres en horario de  
9:00 h a 13:00 h e de 16:00 h a 19:30 h.



**CONCELLO DE  
OUTEIRO DE REI**

[www.outeiroderai.org](http://www.outeiroderai.org)



**ESPAZO DE  
AUTORREPARACIÓN  
E INTERCAMBIO  
DE OBXECTOS**





# ESPAZO DE AUTORREPARACIÓN E INTERCAMBIO DE OBXECTOS DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

O espazo municipal de autorreparación e intercambio de obxectos do Concello de Outeiro de Rei é un espazo concibido para o intercambio, autorreparación e reutilización de obxectos co obxectivo de alongar a vida útil dos mesmos.

Este espazo ofrece ás persoas interesadas a posibilidade de recuperar enseres procedentes do Punto Limpo ou depositados por outras persoas neste espazo e igualmente ofrece a posibilidade de achegar ao mesmo aqueles obxectos polos que xa non teñamos interese (aparells eléctricos, utensilios do fogar, téxtil, pequeno mobiliario...), contribuíndo á recuperación de obxectos ou enseres domésticos que poden resultar útiles para outras persoas e que se non acabarían no lixo.

Ademais, este lugar está dotado de ferramentas básicas que permitirán realizar pequenos arranxos e autorreparacións no propio lugar.

Dando unha segunda vida ás cousas que xa non utilizamos reducimos a produción de residuos e camiñamos cara a un modelo de economía circular e cara a dinámicas de consumo sostible.



menos  
**RESIDUOS**

máis  
**RECURSOS**

- 1 COMPRA CON CABEZA.**  
Fai unha lista do que precisas e axústate á mesma. Ollo coa publicidade, as ofertas tentadoras e as necesidades inexistentes que outros nos acaban creando.
- 2 DÁ PREFERENCIA AOS PRODUTOS LOCAIS E DE TEMPADA.**  
Contribuirás a reducir a pegada ecolóxica dos mesmos e a xerar actividade económica sostible na túa contorna.
- 3 O USAR E TIRAR TENSE QUE ACABAR.**  
Adquire bens de longa duración, facilmente reutilizables e reparables. Nada de pratos, vasos e cubertos de plástico dun só uso. As posibilidades da louza, o vidro, o aceiro e aluminio son infinitas.
- 4 RECUPERA O CARRO DA COMPRA DE TODA A VIDA OU LEVA A TÚA PROPIA BOLSA AO SUPERMERCADO.**  
A vida útil dunha bolsa plástica é de aproximadamente 12 minutos, pero tarda séculos en degradarse. Se aínda así acabas sucumbindo á mesma, recorda depositala no contedor amarelo.
- 5 PRIORIZA A ADQUISICIÓN DE PRODUTOS A GRANEL E FOXE DO ENVASE E EMBALAXE EXCESIVA.**  
Acabas levando para a casa demasiadas caixas, papeis e envoltorios. Libera o medio ambiente de elementos innecesarios que pronto se acaban convertendo en lixo.

**6 MODÉRATE Á HORA DE IMPRIMIR.**  
Evita malgastar o papel e, cando non teñas alternativa, aproveita as dúas caras.

**7 COA COMIDA NON SE XOGA.**  
En Europa desperdiciamos, nin máis nin menos, que un terzo dos alimentos que se producen, orixinando un problema ambiental, económico, social e moral de primeira magnitude. Revisa periodicamente a despensa e a neveira, compra con moderación, presta atención ás datas de caducidade e axusta as racións ao número de comensais. E coas sobras, prepara novos menús.

**8 MÁIS VIDA PARA A ROUPA QUE NON USAS.**  
Organizacións especializadas encárganse da mesma para a súa reutilización e reciclaxe. Non abarrotas o teu armario de prendas que non utilices. Moitas persoas as necesitan.

**9 PONTE AS PILAS.**  
Opta polas verdes e recargables. Unha soa pila botón pode chegar a contaminar ata 600.000 litros de auga.

**10 SEPARA OS TEUS RESIDUOS.**  
E deposítalos nos contedores correspondentes: amarelo, para latas, briks e envases de plástico; azul, para envases de cartón e papel; iglú verde, para os envases de vidro; recipiente específico para pilas; e contedor verde convencional, para a fracción resto. Se habitas nunha vivenda unifamiliar con xardín ou horta, o composteiro pode ser unha magnífica opción para propiciar a reciclaxe da materia orgánica.

**FONTE:**



[www.sogama.gal](http://www.sogama.gal)